



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 9 DE MAIO DE 2016

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 9 de maio de 2016

HORA DE COMEZO: 20:35 h

HORA DE REMATE: 21:40 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoan Carlos Chillón Iglesias, D. Heitor Mera Herbello, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 18 E 25 DE ABRIL DE 2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 18 e 25 de abril de 2016.

OBRAS E SERVIZOS

2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓNS

2.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización



Concello de Cangas

para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
J.A.N.A.	Baixada á Praia de Menduíña, nº 38-Aldán. Autorízase o sinal de pasaxe permanente, así como a sinalización horizontal (pintado de amarelo) diante da entrada do seu garaxe. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>

2.A.2) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
T.P.G.	Praia de Nerga (fronte "Gran Sol")-O Hío. Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 245. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

3º.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA S/PLAN DE OCUPACIÓN CON SERVIZOS DE TEMPADA EN DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE

3.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/ANEXO AO PLAN DE OCUPACIÓN CON SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DO CONCELLO DE CANGAS-ANO 2016 (QUIOSCOS PRAIAS)

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 05.05.2016, referente a anexo ao plan de ocupación con servizos de tempada do Concello de Cangas para o ano 2016, que é como segue:

*"ASUNTO: SERVIZOS DE TEMPADA ANO 2016
ANEXO AO PLAN DE OCUPACIÓN CON SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DO CONCELLO DE CANGAS-ANO 2016 (QUIOSCOS PRAIAS)*



Concello de Cangas

PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Con rexistro de entrada do 21 de xaneiro de 2016, recibíuse oficio do xefe do Servizo de Costas de Pontevedra expresando os criterios de actuación para a elaboración e explotación dos plans de ocupación con servizos de tempada nas praias durante a tempada estival do ano 2016. Así mesmo, a Xefatura Provincial de Costas, insta aos concellos, como en anos anteriores, a constituírse en xestores do programa de autorización de explotacións.

O anuncio remitido polo Servizo Provincial de Costas, no cal se instaba a todos/todas os/as interesados/interesadas a presentar solicitudes de autorización para a explotación de servizos de tempada nas praias do noso municipio, foi exposto no taboleiro de anuncios do Concello.

Con base nas concesións autorizadas polo Servizo Provincial de Costas no ano pasado e xunto coas solicitudes e propostas dos/das interesados/interesadas, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO.- Procédase á aprobación do Anexo ao plan de ocupación que se achega coa presente proposta e, en virtude deste, solicítase do Servizo Provincial de Costas en Pontevedra, as preceptivas autorizacións para a instalación dos servizos relatados.

Praia de Vilariño:

*- Un módulo prefabricado para aluguer de kayaks (6) de 9 *2,5 metros.*

Praia de Viñó:

Unha terraza de 40,00 m2 en Viñó".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a anexo ao plan de ocupación con servizos de tempada do Concello de Cangas para o ano 2016.

3.B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPLORACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA EN DOMINIO PÚBLICO DO CONCELLO DE CANGAS NO ÁMBITO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS-ANO 2016



Concello de Cangas

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 05.05.2016, referente a explotación dos servizos de tempada en dominio público do Concello de Cangas, no ámbito da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para o ano 2016, que é como segue:

"ASUNTO: EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA EN DOMINIO PÚBLICO DO CONCELLO DE CANGAS NO ÁMBITO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS-ANO 2016

PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Aberto o prazo, desde o 25 de xaneiro ata o 15 de marzo de 2016, para que todos/todas aqueles/aquelas veciños/veciñas interesados/interesadas na instalación de quioscos de verán en terreo privado presentaran a súa petición no rexistro de entrada do Concello, de acordo coa documentación esixida no bando dictado pola Alcaldía e presentadas as seguintes solicitudes:

Nome e apelidos	DNI	Situación
D.E.R.B.	53118631-Q	Praia do Medio-A Congorza, Balea Rúa A Palma, 6, Cangas (diante do antigo matadeiro)

O bando cos criterios para a concesión de servizos de tempada foron expostos no taboleiro no taboleiro de anuncios do Concello e indicando que o prazo da instalación será do 15 de maio ata o 30 de setembro do ano que andamos.

Con base no cumprimento dos requisitos esixidos no bando publicado, xunto coas solicitudes e documentación aportadas polos interesados, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO.- Procédase á aprobación da autorización para a instalación de quiosco de verán no lugar indicado ao solicitante presentado, de acordo coas condicións e requisitos esixidos no bando publicado pola Alcaldía e previo pago nas arcas municipais das taxas que correspondan".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita, referente a explotación dos servizos de tempada en dominio público do Concello de Cangas, no ámbito da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para o ano 2016.



Concello de Cangas

URBANISMO E PATRIMONIO

4º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 5 DE MAIO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

4.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

4.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advirtéselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.



Concello de Cangas

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguente risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a **SUSPENSIÓN INMEDIATA** das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 24.412.- LICENCIA Nº 20.954.- A C.B.J. e M.J.C.F., con enderezo en Vilanova, nº 14-O Hío, outórgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras abeiradas na referida licenza, de conformidade co estipulado no art. 145.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

4.A.2) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.764.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR R.P.C. E A.C.P.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 4 de maio de 2016, acordou:



Concello de Cangas

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a R.P.C. e A.C.P., para vivenda unifamiliar, en Santa Marta-Liméns-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal N° 23.767.

b) Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

EXPEDIENTE N° 25.043.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR A.T.F

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 4 de maio de 2016, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a A.T.F., para vivenda unifamiliar en Outeiro-Balea-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal nº 23.989.

b) Así mesmo apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

4.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.



Concello de Cangas

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.
- b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.
- c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 25.795.- A R. CABLE Y TELECOMUNICACIONES, SA, con enderezo na rúa Real, nº 85-A Coruña, para na Avda. Ourense, nº 33-35-Cangas, executar unha arqueta para telecomunicacións, de conformidade coa documentación presentada, condicións impostas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data 26 de novembro de 2015 e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten analizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de CATROCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (437,59 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de R. CABLE Y TELECOMUNICACIONES, SA, o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:



Concello de Cangas

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 25.912.- A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, con enderezo en Travesía de Vigo, nº 204-Vigo, para en Camiño do Monte San Cibrán-Aldán, executar unha canalización de 5,00 metros de lonxitude para R.B.T.S., de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten analizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de SETECENTOS VINTE E NOVE EUROS CON VINTE E TRES CÉNTIMOS (729,23 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:



Concello de Cangas

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

5º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

EXPEDIENTE Nº 25.838.- A J.C.N. e A.M.C., acondicionar interiormente o local para albergue turístico en rúa Seixo, nº 18-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.857.- A J.C.B., cambio material de cubrición en vivenda en Fontenova, nº 57-Donón-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.863.- A M.G.V., reposición de cuberta en vivenda na Avda. da Coruña, nº 103-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.876.- A M.A.M., cambio da carpintería exterior na Avda. do Espírito Santo, nº 17-2º esquerda-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.879.- A E.F.B., cerramento en Cunchido de Arriba, nº 34-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.897.- A F.L.R., para un toldo en rúa Baiona, nº 19- Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.900.- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "PIEDRA ALTA II", para renovación de revestimento en patio e supresión de xardiñeiras en edificio da Avda. Bueu, nº 17-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.901.- A F.J.L.P., cambio de plaqueta en terraza en rúa Alcalde Pancho Eiroa, nº 5B-5ºF-Cangas.



Concello de Cangas

6º .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

6.A) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 10/2014-S

Dase conta de proposta do instrutor do día 19.04.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 10/2014-S, que é como segue:

"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 10/2014-S

PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de decembro de 2015, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de J.L.P.M. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Mendiña-Aldán, obras sen licenza consistentes en realizar un cerramento que non se axusta ao disposto no epígrafe 2.12 das normas urbanísticas I (cerramento opaco por enriba dos 90 cm., da rasante), sendo a construción de carácter legalizable segundo o informe do arquitecto municipal de data 6 de xullo do 2015. En canto á situación do cerramento e a cesión ao sistema viario compróbase que está situado sobre a aliñación marcada pola tira de cordas levada a cabo polo aparelador municipal, sita a 4 metros do eixo do sistema viario.

SEGUNDO.-Iniciado expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local en data 29.12.2015, dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, con data 29 de xaneiro do 2016 J.L.P.M., formula alegacións ao expediente sancionador dentro do prazo conferido para o efecto, en síntese manifesta que se reconsidere o cerramento do expediente sen sanción toda vez que o cerramento realizado se sitúa en liña.

A alegación debe ser desestimada toda vez que, se resulta probado, visto o informe emitido polo arquitecto municipal en data 6 de xullo de 2015, que o cerramento se sitúa en liña, tamén o é que no momento da súa execución carecía de licenza, feito polo que resulta sancionable, en virtude do establecido no artigo 219 da lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia que establece que:

'1. Nas obras que se executasen sen licenza, sen comunicación previa ou con inobservancia das súas condicións ou dos datos comunicados serán



Concello de Cangas

sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables destas, en calidade de promotoras das obras, propietarias dos terrenos ou empresarias das obras e os/as técnicos/técnicas redactores/redactoras do proxecto e directores/directoras das obras'.

Con data 8 de abril do 2016 a inspección municipal informa que as obras se axustan á comunicación previa 25081, quedando repostas a legalidade urbanística.

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como leve, segundo o determina o artigo 217.4 da mesma norma citada.

CUARTO.- Que J.L.P.M., na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/2002 e 55 do Regulamento de disciplina urbanística, a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía de mil douscentos cincuenta euros (1.250,00 €).

Indicar ao interesado que por legalizar as obras realizadas antes da resolución do presente expediente redúceselle a contía da sanción nun 80%.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do Rd 1398/93, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia silanado no apartado 1 do artigo citado.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

** Impoñer a J.L.P.M., na súa calidade de **promotor**, unha multa sancionadora de douscentos cincuenta euros (250,00 €), por infracción ao ter cometido obras no lugar de Mendiúña-Aldán, consistentes en realizar un cerramento sen licenza e sen axustarse ao disposto no epígrafe 2.12 das Normas Urbanísticas I (cerramento opaco por enriba dos 90 cm. da rasante),*



Concello de Cangas

sendo a construción de carácter legalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 6 de xullo de 2015.

De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, de 30 de decembro, advírtese ao interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 10/2014-S.

FACENDA

7º .- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

7.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías aos seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
A.M.C.P.	FIANZA	1.892,10 €	EXPEDIENTE Nº 24.034

7.B) INFORME DA SECRETARIA S/SOLICITUDE DE “SERVISUB BUEU, SL” PARA DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA

Dase conta de informe emitido en data 4 de maio de 2016 pola secretaria do concello, referente a solicitude da empresa “SERVISUB BUEU, SL”, na que demanda devolución de garantía por servizos de balizamento prestados ao Concello de Cangas no ano 2013, que é como segue:

“Solicitado informe en relación coa execución do contrato de servizo de balizamento nas praias do Concello de Cangas, adxudicado a ‘SERVISUB BUEU, SL’, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de xuño de 2013,



Concello de Cangas

*conforme co disposto no artigo 102 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, emítase o seguinte **INFORME:***

De conformidade co disposto no artigo 27 do prego de cláusulas administrativas particulares que rixen o contrato, que literalmente di:

'O prazo de garantía é de un ano a contar dende a data de finalización do contrato ou no seu caso das prórrogas que se produzan.

A devolución da garantía definitiva producirase unha vez transcorrido o dito ano, previo informe favorable emitido polo responsable do contrato ou persoa encargada da súa supervisión'.

Visto que transcorreu o prazo de garantía de un ano.

Visto que a persoa responsable do contrato era o concelleiro de Medio Ambiente, Praias, Mar e Mancomunidade de Concellos do Morrazo, Jesús Graña Graña, persoa que actualmente xa non ocupa tal cargo.

Visto que ao rematar o contrato de servizo de balizamento nas praias do Concello de Cangas, 'SERVISUB BUEU, SL', presentou a relación de material de balizamento de praias do Concello que se atopaba nas súas instalacións, así coma, a relación de material utilizado para balizar as praias nos últimos dous anos.

A xuízo desta secretaría, visto que non consta no expediente informe desfavorable do concelleiro responsable do contrato, J.G.G., relativo á execución do mencionado contrato, de forma que se entende que non se observaron deficiencias no seu día na execución do contrato, tendo en conta ademáis que a mesma empresa foi adxudicataria do seguinte contrato de servizo de balizamento das praias do Concello de Cangas, asinado o 12 de xuño de 2013, que continúa vixente a data de hoxe, o contratista pode quedar relevado de toda responsabilidade e debe procederse á devolución ou cancelación da garantía definitiva por importe de mil oitocentos vinte e catro euros (1.824,00 €)".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe transcrito da secretaria do concello, referente a solicitude da empresa "SERVISUB BUEU, SL", na que demanda devolución de garantía por servizos de balizamento prestados ao Concello de Cangas no ano 2013.



Concello de Cangas

8º .- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

8.A) DACIÓN DE CONTA DE DECRETO Nº 48/2016 DO XULGADO DO CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA S/PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 340/2008

Dase conta de Decreto nº 48/2016 ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, recaído no procedemento ordinario nº 340/2008, promovido por "OBRAS REFORMAS Y SANEAMIENTOS, SL".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do Decreto nº 48/2016 ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, recaído no procedemento ordinario nº 340/2008, promovido por "OBRAS REFORMAS Y SANEAMIENTOS, SL".

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Apoio Xurídico.

8.B) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA Nº 235/2016 DITADA POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA CON/AD SEC. 2

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, queda informada dos seguintes datos:

1.- PO 4125/2015 - SENTENZA 235/2016 DITADA POLO T. S. X. GALICIA CON/AD SEC. 2.

- A persoa/empresa recorrente: TELEFÓNICA DE ESPAÑA, SAU.

- Contido: estímase o recurso contencioso-administrativo interposto por "Telefónica de España, SAU" contra a "Ordenanza municipal para a regulación da implantación de infraestruturas radioeléctricas no Concello de Cangas" e a anula por ser contraria a dereito.

- Condena á administración demandada ao pagamento das custas, en contía que non poderá exceder de mil douscentos euros (1.200,00 €) no relativo aos honorarios do letrado da parte actora".



Concello de Cangas

8.C) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA Nº 236/2016 DITADA POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA CON/AD SEC. 2

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, queda informada dos seguintes datos:

1.- PO 4122/2015 - SENTENZA Nº 236/2016 DITADA POLO T. S. X. GALICIA CON/AD SEC. 2.

- A persoa recorrente: VODAFONE ESPAÑA, S.A.

- Contido: estímase o recurso contencioso-administrativo interposto por "Vodafone España, SA" contra a "Ordenanza municipal para a regulación da implantación de infraestruturas radioeléctricas no Concello de Cangas" e a anula por ser contraria a dereito.

- Condena á administración demandada ao pagamento das custas, en contía que non poderá exceder de mil cincocentos euros (1.500,00 €) no relativo aos honorarios do letrado da parte actora.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

9º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

9.A) PROPOSTAS DO XEFE DE SERVIZO S/BAIXAS DO SAF

Examinadas as propostas do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, dos días 4 e 5 de maio de 2016, relativas ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que din:

"Á vista do informe social elaborado pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local as seguintes resolucións:

** BAIXA do SAF por ingreso en centro residencial de J. M. M. a través da quenda de dependencia co expediente 36008/01/001571-VI0000047471.*

** BAIXA do SAF por falecemento de J. G. L. a través da quenda de dependencia co expediente 36008/01/002711-43389.*



Concello de Cangas

** BAIXA do SAF por falecemento de C. F. S. a través da quenda de dependencia co expediente 36008/01/000285-43624.*

** BAIXA do SAF por falecemento de A. V. L. a través da quenda de dependencia co expediente 36008/01/0002085.*

** BAIXA do SAF por falecemento de C. R. M. a través da quenda de libre concorrancia co expediente 36008/01/000270.*

** BAIXA do SAF por ingreso en centro residencial de J. M. C. a través da quenda de libre concorrancia co expediente 36008/01/001087.*

** BAIXA do SAF por renuncia e incumprimentos das normas do servizo de A. P. H., a través da quenda de dependencia co expediente Nº 36008/01/002757-44501."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente as propostas relativas ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar.

9.B) PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO S/MODIFICACIÓN DE SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 5 de maio de 2016, relativa a modificación do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a V.G.R., co expediente Nº: VI0000053599, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

* Prestacións:

- Atencións de carácter persoal
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda

- Custo do servizo: 245,23 €.



Concello de Cangas

- Achega económica da persoa usuaria: (segundo capacidade económica) 0€/mes.

- Número de horas: 20 horas.

- Data prevista de alta no SAF: maio de 2016”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente, relativa a modificación do Servizo Municipal de Axuda no Fogar.

10º.- PROPOSTA DO CONCELEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE S/APROBACIÓN DE BASES DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE PARA O ANO 2016

Examinada a proposta do día 5 de maio de 2016 do concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, referente a aprobación de bases da concesión de subvencións destinadas ao desenvolvemento de programas e actividades de servizos sociais e igualdade para o ano 2016, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

Vista a necesidade de conveniente efectuar a convocatoria e concesión das subvencións destinadas ao desenvolvemento de programas e actividades de servizos sociais e igualdade para o ano 2016.

Visto que o día 5 de maio de 2016, Secretaría emitiu un informe en que se indicaban a lexislación aplicable e o procedemento que se debía seguir para convocar e conceder as subvencións.

Visto que o día 5 de maio de 2016 Intervención emitiu un informe sobre a existencia de crédito para a atención do gasto derivado da concesión das subvencións e foi efectuada a pertinente retención do crédito dispoñible.

Visto o texto das bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas ao desenvolvemento de programas e actividades de servizos sociais e igualdade para o ano 2016 elaboradas polo departamento municipal de servizos Sociais.



Concello de Cangas

Unha vez examinada a documentación presentada e de acordo co establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Que se aproben as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión de subvencións destinadas ao desenvolvemento de programas e actividades de servizos sociais e igualdade para o ano 2016, por procedemento de concorrencia competitiva, co texto que figura no anexo desta proposta.

SEGUNDO.- Que as sinaladas bases reguladoras sexan publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

TERCEIRO.- Que a Intervención subministre á BDNS a documentación necesaria para que se proceda á publicación do extracto da convocatoria no Diario Oficial de Galicia, cuxo texto figura como anexo desta resolución”.

A N E X O I:

"BASES DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE PARA O ANO 2016

I.- FINALIDADE E OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por finalidade apoiar e promover en rexime de concorrencia competitiva a concesión de subvencións entre as entidades de carácter social sen fins de lucro que reúnan os requisitos establecidos nesta convocatoria específica de subvencións, que desenvolvan actividades para promover o benestar social da cidadanía do Concello de Cangas a través de acción ou actividades de prevención, asistencia, incorporación social, fomento e sensibilización da participación cidadá, dentro do ámbito de intervención da Concellaría de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade e que se realicen durante o ano 2016.

1.1. Poderán ser obxecto de subvención as actividades enmarcadas en cada unha das seguintes áreas de intervención:

- Proxectos de atención a diversidade funcional.*
- Proxectos de atención a familia e menores.*
- Proxectos de atención a toxicomanía.*
- Proxectos de prevención de situación de violencia de xénero.*
- Proxectos dirixidos á promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.*



Concello de Cangas

- *Proxectos de atención a inmigración e a minorías étnicas.*
- *Proxectos de prevención da exclusión social ou de promoción da inclusión social.*
- *Proxectos de atención a persoas maiores.*
- *Proxectos de prevención e promoción da saúde física, psíquica e social.*

2. LEXISLACIÓN APLICABLE

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Cangas para o ano 2016, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

3. FINANCIAMENTO

A concesión das subvencións que constitúen o obxecto destas bases reguladoras está limitada ao crédito máximo disponible na aplicación 231/48 do orzamento municipal para o exercizo 2016, que conta cunha consignación de nove mil euros (9.000,00 €).

4. ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán acceder a estas subvencións as asociación e colectivos legalmente constituídos que figuren inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Cangas e que entre os seus obxectivos estatutarios figuren algún dos que se estipulan no artigo 1 e que cumpran os seguintes requisitos:

- 4.1. Ser unha entidade sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia.*
- 4.2. Estar ao corrente coas obrigacións tributarias, da Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda, coa Seguridade Social e o Concello de Cangas.*
- 4.3. Estaren inscritos no rexistro de entidades prestadoras de Servizos Sociais.*
- 4.4. Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.*
- 4.5. Non poderán ser beneficiarios destas axudas as entidades que teñan pendente de xustificar as subvencións anteriormente percibidas do Concello de*



Concello de Cangas

Cangas e no seu caso, atoparse ao corrente do pago de obrigacións por reintegro destas.

5. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

5.1. Cada entidade poderá formular unha única solicitude para un proxecto determinado nos modelos normalizados, que se atoparán a disposición dos colectivos interesados.

*5.2. A solicitude formalizarase mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Cangas, conforme ao **anexo I** das presentes Bases e presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Cangas ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

5.3. A cada exemplar de solicitude deberá achegarse a documentación que a continuación se relaciona, orixinal ou copia compulsada, tendo en conta que, en caso de presentación de declaración responsable ésta unicamente cabe respecto da documentación que xa se atope en poder do Concello (por ter sido presentada en procedementos anteriores) e non sufrirá variación:

DOCUMENTACIÓN XERAL

5.3.0. - Solicitude (Anexo I).

5.3.1.- Fotocopia cotexada do CIF da entidade.

5.3.2.- Fotocopia cotexada do NIF do representante legal da entidade.

5.3.3.- Certificado de inscrición no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais Deporte.

5.3.4.- Certificación da conta bancaria a nome da entidade peticionaria.

5.3.5.- Declaración do Presidente da Entidade sobre as subvencións ou axudas solicitadas e/ou concedidas por Administracións públicas ou privadas para a realización das actividades para as que se solicita subvención (Anexo II).

5.3.6.- Declaración responsable de que a entidade non está incurso nalgunha das causas determinadas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (Anexo III).

5.3.7.- Certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, tanto a Facenda estatal, como autonómica, como a do Concello de Cangas, ou declaración responsable e autorización, (Anexo II).

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA DO PROXECTO



Concello de Cangas

5.3.8.- Memoria explicativa do proxecto Anexo IV.

A documentación que se entregue en fotocopia deberá estar debidamente compulsada.

6. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

6.1. As solicitudes poderán presentarse no rexistro xeral do concello de Cangas, ou por calquera dos medios sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6.2. O prazo para presentar as solicitudes ás que se refire esta convocatoria será de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia, con independencia de que estas bases serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Cangas. Se o último día do prazo fose domingo ou festivo en Cangas, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

7. SUBSANACIÓN DE ERROS NAS SOLICITUDES

En consonancia co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, se a documentación achegada non reunise todos os requisitos esixidos na presente convocatoria, requirirase ao interesado para que no prazo de dez días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, complete a documentación ou emende os erros da mesma, con advertencia de que se así non o fixese terase por desistido do seu pedimento, procedéndose ao seu arquivo, previa notificación da resolución, de acordo co establecido no artigo 42 da mesma lei.

8. CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS

O procedemento de outorgamento destas subvencións é o de concurrencia competitiva polo que a súa concesión realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas e dos anexos que as acompañan, coa finalidade de establecer una prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración e adxudicar as subvencións segundo as valoracións tendo sempre coma límite a dispoñibilidade orzamentaria mencionada na base 3.

8.1. Constituirase unha Comisión de Valoración coa seguinte composición:

- Presidencia: O Alcalde-Presidente ou persoa en quen delegue.



Concello de Cangas

- Vogais:

- *O concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade.*
- *O Concelleiro de Ensino.*
- *O Concelleiro de Mocidade.*
- *2 técnicos da Concellaría de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade.*

- Secretaria: actuará como secretaria, sen voto, a secretaria xeral do Concello de Cangas ou persoa en quen delegue.

8.2. A Comisión de Valoración avaliará as solicitudes presentadas tendo en conta os criterios e os haremos que figuran na base 9. Aqueles aspectos, dúbidas ou incidencias que non queden desenvolvidos de maneira explícita nestas bases, serán resoltos pola Comisión de Valoración.

8.3. A Comisión de Valoración realizará o procedemento de asignación da puntuación a cada entidade solicitante segundo a documentación achegada. En función da puntuación determinarase a contía económica correspondente a cada entidade solicitante. En ningún caso se subvencionará con máis do 80% da cantidade solicitada.

8.4. A Comisión de Valoración elaborará e presentará a proposta de resolución debidamente motivada e a elevará como proposta de acordo a Xunta de Goberno Local e será notificada ás entidades.

8.5. O prazo máximo de resolución será de 3 meses desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. Transcorridos seis meses, a partir do día seguinte do remate do prazo de presentación da solicitude sen que os interesados obteñan unha desposta expresa, entenderase desestimado o pedimento.

9. BAREMO DE PUNTUACIÓN

O baremo de puntuación para asignar o importe da concesión é o seguinte:

A. Traxectoria da entidade peticionaria, atendendo a experiencia e o número de actividades desenvolvidas. Ata 10 puntos.

- Antigüidade:

De 0-2 anos 1 punto.

De 3 -5 anos 2 puntos.

De 5 a 10 anos 3 puntos.

+ de 10 anos 4 puntos.



Concello de Cangas

- Premios e recoñecementos acadados: 0,5 puntos por cada un, ata un máximo de 2 puntos.

- Nº de participantes na suas actividades no último ano:

- Menos de 25 persoas 1 punto.

- de 26 a 50 persoas 2 puntos.

- de 51 a 100 persoas 3 puntos.

- Máis de 100 persoas 4 puntos.

B. Valoración do proxecto presentado: ata 20 puntos.

- Recursos humanos e materiais: ata 5 puntos.

- Coordinación coa Concellaría de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade: 2 puntos.

- Coordinación e colaboración con outras entidades: 0,5 puntos por cada asociación ata un máximo de 2 puntos.

- Participación nun programa máis amplo a nivel galego: 1 punto.

- Adecuación dos obxectivos e contidos as características dos destinatarios: 2 puntos.

• Beneficiarios/as directos do programa: ata 4 puntos.

- Menos de 15 1 punto

- De 16 a 35 2 puntos

- de 36 a 50 3 puntos

- Máis de 50 4 puntos

Duración do proxecto ata 4 puntos:

- De 10 a 12 meses 4 puntos

- de 7 a 9 meses 3 puntos

- de 4 a 6 meses 2 puntos

- Ata 3 meses 1 punto

*ou máis de 300 horas
ou de 151 a 300 h.*

ou de 51 a 150 h.

ou de menos de 50 horas

C. Viabilidade económica do proxecto: Ata 10 puntos

- Porcentaxe de subvención solicitada: ata 5 puntos

- de 31 a 50 % 1 punto

- do 21 ao 30% 3 puntos

- menos do 20% 5 puntos

Achegas de fondos propios. Ata 5 puntos



Concello de Cangas

- Entre o 20 e o 30% 1 punto
- Entre 21 e 50 % 3 punto
- Mais de 50 % 5 puntos

10. OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

10.1. A aceptación da subvención por parte das entidades adxudicatarias, implica a aceptación das obrigacións derivadas da normativa sobre subvencións a entidades sen ánimo de lucro, reflectidas no artigo 2 das presentes Bases e o cumprimento das obrigacións relacionadas no art. 14 da Lei 38/2003.

10.2. A Comisión de Valoración poderá solicitar máis información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude presentada.

10.3. As entidades beneficiarias das subvencións terán que someterse ás seguintes obrigas:

a) Cumprir co obxectivo, realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención dacordo a memoria presentada.

b) Xustificar perante o Concello de Cangas o cumprimento dos requisitos e condicións, así como o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.

c) Deberán empregar o logotipo do Concello de Cangas en todas as actividades e comunicacións que promovesen e que promovan, así como facer constar a colaboración do Concello de Cangas en todas as publicacións, carteis, documentación impresa.

d) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) O compromiso da utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión de calquera actividade ou evento, así como a recomendación do emprego do idioma galego.

11. XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

11.1 Con carácter xeral, entenderase por gasto subvencionable o que indubidadamente responda á natureza da actividade subvencionada, resulte estritamente necesario e sexa efectivamente realizado antes do 15 de



Concello de Cangas

novembro de 2016. Non será necesario acreditar o pagamento efectivo antes do período de xustificación.

A entidade beneficiaría deberá xustificar o 100% da subvención concedida mediante a achega da seguinte documentación orixinal:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia conforme ao modelo que figura como Anexo VII.

c) Declaración responsable do/a Presidente/a da entidade na que faga constar: que as facturas que se presentan como xustificantes aplicáronse á actividade e gastos subvencionados, que corresponden aos fins para os que foi concedida a subvención e que aínda que reciban ou recibisen outras axudas ou subvencións por institucións públicas ou privadas, non superan conxuntamente o 100% do custo das actividades subvencionadas conforme ao modelo que figura como Anexo V.

d) Unha relación clasificada das facturas xustificativas dos gastos subvencionables, na que conste: número de orde na relación, número de factura, data de emisión da factura, acredor, CIF do acredor, conceptos facturados e importe conforme ao modelo que figura como Anexo VI.

e) As facturas orixinais referenciadas na anterior relación do apartado d) polo importe mínimo da subvención, que deberán cumprir os seguintes requisitos:

e.1. Os conceptos facturados deberán corresponder necesariamente a algún dos gastos subvencionables.

e.2. Os gastos subvencionables, deberán producirse e realizarse dentro do prazo comprendido entre o día 1 de xaneiro de 2016 e o 30 de novembro de 2016, ambos os dous incluídos.

e.3. A data de emisión das facturas deberá estar comprendida dentro do prazo que vai do día 1 de xaneiro de 2015 e o 20 de novembro de 2015, ambos incluídos.



Concello de Cangas

e.4. Deberán conter a identificación do emisor da factura, con expresión da denominación social, no caso de persoas xurídicas, ou nome e apelidos, no caso de persoa física, e número de identificación fiscal ou DNI.

e.5. Se a factura é estándar e carece de anagrama da casa, deberá conter o selo e a sinatura do provedor.

e.6. Deberán expresar a desagregación de base impoñible, IVE e total.

e.7. O Concello de Cangas marcará as facturas orixinais cunha estampilla, indicando que foi aplicada a unha subvención concedida polo Concello de Cangas e serán devoltas a petición da entidade beneficiaria.

e.8. Nos pagos realizados a profesionais por servizos prestados deberá constar na factura a retención realizada en concepto de IRPF, retención que debe ser ingresada na Facenda Pública e presentada xunto coa xustificación.

f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos intereses derivados destes.

g) No seu caso, Declaración responsable do Presidente da entidade beneficiaria, facendo constar que dita Entidade non presenta declaracións de IVE, polo que os correspondentes importes pagos do IVE polos gastos subvencionables aos que se refire a xustificación da subvención, non son recuperables nin compensables pola entidade, conforme ao modelo que figura como anexo.

11.2. A presentación da xustificación realizarase no rexistro xeral de entrada de documentos do Concello de Cangas, no prazo comprendido que vai desde o día seguinte á notificación da Resolución de concesión da subvención até o día 1 de decembro de 2016 incluído. En todo caso, resultará de aplicación o disposto ñas bases de execución do orzamento do Concello. O incumprimento da obrigaçión de xustificación da subvención levará aparellado o reintegro das cantidades abonadas e a esixencia do interese de demora nos termos establecidos no artigo 13. No entanto, poderase ampliar o prazo desta xustificación nas condicións e procedemento regulados no art. 70 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

12. XUSTIFICACION E PAGAMENTO

O pago da subvención realizarase previa xustificación, polo beneficiario, da realización da actividade que constitúe o obxecto das presentes bases e que determina a súa concesión, mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.



Concello de Cangas

Non obstante, poderá establecerse o pago anticipado do 50% da subvención, é dicir, a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, o cal haberá de especificarse no acordo de concesión da subvención.

13. REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

Procederá o reintegro parcial ou total das cantidades percibidas e a esixencia do correspondente xuro de demora dende o momento do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro de acordó co establecido nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

14. RÉXIME SANCIONADOR

O réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións será o regulado nos preceptos da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, quedarán sometidas ao disposto no Título IX da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta do concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, referente a aprobación de bases da concesión de subvencións destinadas ao desenvolvemento de programas e actividades de servizos sociais e igualdade para o ano 2016.

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

11º.- PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/POSTOS DE VENDA AMBULANTE

11.A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE Nº 21

Dase conta de proposta do día 05.05.2016 da Concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a transmisión de autorización do posto nº 21 de venda ambulante, que di o seguinte:



Concello de Cangas

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE Nº 21

ANTECEDENTES

Por escrito de data de rexistro de entrada 06/04/2016 A.G.P., enderezo en Porta do Sol, nº 45-Lérez-Pontevedra, solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular a favor de M.M.A.G., domiciliada en Rúa Bélxica, nº 6-Baixo-A, Pontevedra, que manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.

Á solicitude anterior achégase da documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I.- A Lei 13/2010 de Comercio Interior de Galicia establece no seu artigo 76 que as licenzas serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.

II.- O artigo 16 da vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos requisitos establecidos nesta polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.

III.- No presente caso, vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor da adquirente M.M.A.G.

IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local con base no disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº 21 do mercado dos venres da que era titular, A.G.P. a favor de M.M.A.G., adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.



Concello de Cangas

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como, á Concellería de desenvolvemento económico e emprego local e departamentos de Estatística e Tesourería”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita da Concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a transmisión de autorización do posto nº 21 de venda ambulante.

11.B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE Nº 8

Dase conta de proposta do día 05.05.2016 da Concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a transmisión de autorización do posto nº 8 de venda ambulante, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE Nº 8

ANTECEDENTES

Por escrito de data de rexistro de entrada 09/03/2016 D.D.S, con enderezo na Avda. Concordia, nº 107-29B-Tui, solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular a favor de R.S.J., domiciliado en Lg. Torneiros, nº 16-2ºB-Redondela, que manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.

Á solicitude anterior acchégase da documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A Lei 13/2010 de comercio interior de Galicia establece, no seu artigo 76, que as licenzas serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.

II.- O artigo 16 da vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo



Concello de Cangas

cos requisitos establecidos no mesmo polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.

III.- No presente caso, vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor do adquirente R.S.J.

IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local, con base no disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº 8 do mercado dos venres, do que era titular D.D.S. a favor de R.S.J., adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Concellería de desenvolvemento económico e emprego local e departamentos de Estatística e Tesourería”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita da Concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a transmisión de autorización do posto nº 8 de venda ambulante.

SUBVENCIONS

12º.- DACIÓN DE CONTA DE INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA S/CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA “ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS NO PASEO CASTELAO, EUGENIO SEQUEIROS E MONTERO RÍOS”

Dase conta de informe-proposta de resolución do día 20.04.2016 da Deputación Provincial de Pontevedra, referente a concesión de subvención ao Concello de Cangas, por importe de corenta e nove mil novecentos noventa e cinco euros con setenta e dous céntimos (49.995,72 €), para “ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS NO PASEO CASTELAO, EUGENIO SEQUEIROS E MONTERO RÍOS”.



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, queda informada e así mesmo acorda aceptar a concesión de subvención, por parte da Deputación Provincial de Pontevedra, por importe de corenta e nove mil novecentos noventa e cinco euros con setenta e dous céntimos (49.995,72 €), para "ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS NO PASEO CASTELAO, EUGENIO SEQUEIROS E MONTERO RÍOS".

13º.- SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA DOTACIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO-2016

Dase conta de proposta do 4 de maio de 2016 do concelleiro Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para dotación de novidades editoriais en galego-2016, que é como segue:

"PROPOSTA

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA A DOTACIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO-2016

Publicada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a Orde do 1 de marzo de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino a bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2016.

Contando o Concello coa titularidade da Biblioteca Pública Municipal Central de Cangas, cunha media semanal de apertura ao público de 66 horas e catro Axencias de Lectura, en Aldán, Darbo, Coiro e O Hío, cunha apertura de 20 horas semanais e reunindo os requisitos que na orde se especifican, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino a biblioteca e as axencias de lectura públicas de titularidade municipal.

Segundo.- Nomear como responsable da xestión da solicitude a María Isabel Rodríguez Martínez.



Concello de Cangas

Terceiro.- Declarar que non solicitou ningunha outra axuda ou subvención a entidade pública ou privada para este mesmo fin".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita do concelleiro Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para dotación de novidades editoriais en galego-2016.

14º.- SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA A PROMOCIÓN DO USO DA LÍNGUA GALEGA-2016

Examinada a proposta do 5 de maio de 2016 do concelleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para a promoción do uso da lingua galega-2016, que é como segue:

"PROPOSTA

SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA A PROMOCIÓN DO USO DA LÍNGUA GALEGA-2016

Vista a Orde do 31 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria.

Reunindo os requisitos que se especifican na orde e co fin de consolidar o papel normalizador no uso do galego como principal lingua de traballo no propio Concello e na comunicación cos/coas veciños/veciñas, propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar unha axuda polo importe de cinco mil euros (5.000,00 €) para o desenvolvemento de dinamización lingüística para a promoción do uso da lingua galega, mediante as seguintes actividades e importes:

- *1.- CAMPAÑA DE FOMENTO DO USO DO GALEGO DIRIXIDA A MOCIDADE A TRAVÉS DOS LOCAIS DE HOSTELERÍA DE CANGAS. Importe: 1.000,00 €.*



Concello de Cangas

- *2.- CAMPAÑA DE FOMENTO DO USO DO GALEGO E PROMOCIÓN DA CULTURA GALEGA ENTRE AS COMISIÓNS ORGANIZADORAS DE FESTAS POPULARES DO CONCELLO. Importe: 4.000,00 €.*

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria.

Terceiro.- Declarar que para as campañas de fomento do uso do galego e promoción da cultura galega entre as comisións organizadoras e festas populares e na campaña de fomento do uso do galego dirixida á mocidade a través dos locais de hostelería de Cangas, o Concello de Cangas non solicitou ningunha outra axuda ou subvención”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta do concelleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria transcrita anteriormente, referente a promoción do uso da lingua galega-2016.

15º.- SOLICITUDE DE AXUDA Á VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA PARA ADXUDICACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE EMERXENCIAS-2016

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 05.05.2016, referente a solicitude de axuda á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para adxudicación de equipamentos de emerxencias-2016, que di o seguinte:

"SOLICITUDE Á VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DE ADXUDICACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE EMERXENCIAS PARA CONCELLOS-2016

Examinada a Orde do 21 de marzo de 2016, da Vicipresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de su subvencións para o ano 2016 para a adxudicación de equipamento de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

Considerando que o Concello de Cangas, cumpre con todas as condicións que se especifican na orde e que as dotacións actualmente existentes respecto do



Concello de Cangas

material obxecto de adxudicación, son na actualidade insuficientes para prestar con eficacia a función que corresponde a este concello respecto da protección e seguridade que en todo caso debe procurarse á comunidade veciñal, proponse á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e facendo constar a aceptación das condicións especificadas na orde citada a adxudicación en propiedade ao Concello de Cangas na seguinte orde de preferencia:

- *1º.- 'Liña 4: remolques de salvamento e rescate'*
- *2º.- 'Liña 3: embarcación pneumáticas de salvamento e rescate'*

Segundo.- Facultar á Sr. alcalde-presidente, D. Xosé Manuel Pazos Varela, para que asine a solicitude de subvención e que acepte a adxudicación do material, no caso de resolución favorable da Vicepresidencia.

Terceiro.- Remitir o acordo da Xunta de Goberno Local achegado da documentación que se sinala na orde da Consellería citada".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a solicitude de axuda á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para adxudicación de equipamentos de emerxencias-2016.

16º.- DACIÓN DE CONTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS PARA "REFORMA DO SANEAMENTO E FALSO TEITO DA CASA DA CULTURA"

Dase conta de escrito de data 02.05.2016 da Dirección Xeral de Administración Local dependente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no que se comunica ao Concello de Cangas da resolución dese organismo público de conceder unha subvención por importe de trinta e sete mil cincocentos trinta e sete euros con trinta e seis céntimos (37.537,36 €), para o proxecto denominado "REFORMA DO SANEAMENTO E FALSO TEITO DA CASA DA CULTURA".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, queda informada e así mesmo acorda aceptar a concesión de subvención, por parte da Dirección Xeral de Administración Local, por importe de trinta e sete mil cincocentos



Concello de Cangas

trinta e sete euros con trinta e seis céntimos (37.537,36 €), para o proxecto denominado "REFORMA DO SANEAMENTO E FALSO TEITO DA CASA DA CULTURA".

CONTRATACIÓN

17º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS NO PASEO DE CASTELAO, AVENIDA EUGENIO SEQUEIROS E AVENIDA MONTERO RÍOS

Dase conta de proposta do día 05.05.2016 da Alcaldía, referente ao inicio de expediente de contratación da subministración de material para substitución de luminarias no Paseo de Castelao, Avenida Eugenio Sequeiros e Avenida Montero Ríos, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS NO PASEO DE CASTELAO, AVENIDA DE EUGENIO SEQUEIROS E AVENIDA DE MONTERO RÍOS

Vista a necesidade de substitución de luminarias en diferentes rúas do Concello de Cangas, así como a obriga municipal de promover un uso eficiente da iluminación pública exterior, sen menoscabo da seguridade que debe proporcionar aos peóns, aos vehículos e ás propiedades.

Vista a Resolución da Presidencia da Deputación Provincial de data 20.04.2016 pola que acorda conceder ao Concello de Cangas a cantidade de corenta e nove mil novecentos noventa e cinco euros con setenta e dous céntimos (49.995,72 €), para a realización da subministración: 'ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS NO PASEO CASTELAO, EUGENIO SEQUEIROS E MONTERO RÍOS'.

Por todo o que antecede, no uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de contratación da subministración de material para a substitución de luminarias no Paseo de Castelao, Avenida de Eugenio Sequeiros e Avenida de Montero Ríos, por importe de corenta e nove mil novecentos noventa e cinco euros con setenta e dous céntimos (49.995,72 €).



Concello de Cangas

SEGUNDO.- Que a secretaria xeral emita informe sobre a lexislación e procedemento aplicables.

TERCEIRO.- Que polo departamento de Apoio Xurídico se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación, tendo en conta que a licitación deberá axustarse ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2016, aprobadas por acordo plenario de 27.11.2015 publicadas no BOPPO nº 233 do día 2.12.2015.

CUARTO.- Que por Intervención se emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

QUINTO.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Secretaría e Intervención”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar a proposta transcrita da Alcaldía, referente ao inicio de expediente de contratación da subministración de material para substitución de luminarias no Paseo de Castelao, Avenida Eugenio Sequeiros e Avenida Montero Ríos.

18º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE UN VEHÍCULO VARREDOR PARA LIMPEZA VIARIA E UN QUAD PARA RECOLLIDA DE RESÍDUOS

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 05.05.2016, referente ao inicio de expediente de contratación da subministración de un vehículo varredor para limpeza viaria e quad para recollida de resíduos, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO VARREDOR PARA LIMPEZA VIARIA E QUAD PARA RECOLLIDA DE RESÍDUOS

Visto o artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local, segundo o cal os concellos deberán prestar en todo caso, os servizos de recollida de resíduos e limpeza viaria entre outros.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 22.04.2016 polo que acorda conceder ao Concello de Cangas a cantidade de setenta e tres mil cen euros (73.100,00 €), para o financiamento da subministración 'ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO VARREDOR PARA LIMPEZA VIARIA E QUAD PARA RECOLLIDA DE RESÍDUOS'.



Concello de Cangas

Por todo o que antecede, no uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte, ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de contratación da subministración dun vehículo varredor para limpeza viaria e quad para recollida de residuos por importe de setenta e tres mil cen euros (73.100,00 €).

SEGUNDO.- Que a secretaria xeral emita informe sobre a lexislación e procedemento aplicables.

TERCEIRO.- Que polo departamento de Apoio Xurídico se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación, tendo en conta que a licitación deberá axustarse ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2016, aprobadas por acordo plenario de 27.11.2015 publicadas no BOPPO nº 233 do día 2.12.2015.

CUARTO.- Que por Intervención se emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

QUINTO.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Secretaría e Intervención”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar a proposta transcrita da Alcaldía, referente ao inicio de expediente de contratación da subministración de un vehículo varredor para limpeza viaria e quad para recollida de residuos.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) ESCRITO DA SOCIEDADE DE COLUMBICULTURA “RÍAS BAJAS” S/APOIO INSTITUCIONAL

Visto o escrito presentado o día 06.05.2016 por S.A.F, presidente da SOCIEDADE DE COLUMBICULTURA “RÍAS BAJAS”, no que demandan apoio



Concello de Cangas

institucional para presentar a súa candidatura para organizar no Concello de Cangas para o ano 2018 o "XXVIII CAMPIONATO DE ESPAÑA DE COLUMBICULTURA".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

- 1.- Manifestar o apoio do Concello de Cangas a esta candidatura.
- 2.- Aceptar ser o concello receptor e anfitrión do XXVIII Campionato de España de Columbicultura".
- 3.- Recepción institucional dos participantes e directivos da Federación Española de Columbicultura.
- 4.- Outras colaboracións de índole organizativo, no caso de ser aprobada a candidatura.

B) DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONCELLO DE CANGAS, PARA A PROGRAMACIÓN E EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE MELLORA DOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACIÓN PRIMARIA E EDUCACIÓN ESPECIAL

Dase conta de sinatura o día 5 de maio de 2016 de protocolo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Cangas, para a programación e execución das actuacións de mellora dos centros públicos de educación infantil, educación primaria e educación especial.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura o día 5 de maio de 2016 de protocolo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Cangas, para a programación e execución das actuacións de mellora dos centros públicos de educación infantil, educación primaria e educación especial.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do acordo de referencia ao departamento de Intervención e Concellería de Ensino.



Concello de Cangas

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente